

OFICIAL ADMINISTRATIVO

GALEGO

1. O artigo 16 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978 indica que:
 - a) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas, salvo en caso de flagrante delito.
 - b) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas, salvo ante os Tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade.
 - c) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas, salvo en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou elementos terroristas.
 - d) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
2. Segundo o artigo 20 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978:
 - a) Só poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de resolución administrativa.
 - b) Só poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de resolución xudicial.
 - c) Só poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de norma con rango de lei.
 - d) En ningún caso poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información.
3. Segundo o artigo 22 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978:
 - a) Prohíbense as asociacións secretas e as de carácter paramilitar.
 - b) As asociacións secretas e as de carácter paramilitar só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución administrativa.
 - c) As asociacións secretas e as de carácter paramilitar deberán inscribirse nun rexistro ao só efecto de publicidade.
 - d) As asociacións secretas e as de carácter paramilitar deberán inscribirse nun rexistro con efectos autorizatorios.
4. Segundo o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, correspóndelle ao Parlamento:
 - a) Exercer a potestade regulamentaria da Comunidade Autónoma.
 - b) Elixir de entre os seus membros ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
 - c) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei.
 - d) Esixir, no seu caso, responsabilidade penal á Xunta e o seu presidente.

5. Segundo o artigo 11 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia:

- a) A circunscrición electoral será, en todo caso, a provincia.
- b) A circunscrición electoral será, en todo caso, a comarca.
- c) A circunscrición electoral será, en todo caso, o municipio.
- d) A circunscrición electoral será, en todo caso, a parroquia rural.

6. Segundo o artigo 14 do Tratado da Unión Europea:

- a) Os deputados ao Parlamento Europeo serán elixidos por sufraxio universal directo, libre e secreto, para un mandato de cinco anos.
- b) Os deputados ao Parlamento Europeo serán elixidos por sufraxio universal directo, libre e secreto, para un mandato de catro anos.
- c) Os deputados ao Parlamento Europeo serán elixidos por sufraxio universal directo, libre e secreto, para un mandato de seis anos.
- d) Os deputados ao Parlamento Europeo serán elixidos por sufraxio universal directo, libre e secreto, para un mandato de dez anos.

7. Segundo o artigo 16 do Tratado da Unión Europea:

- a) O Consello estará composto por un representante de cada Estado membro, de rango ministerial, facultado para comprometer ao Goberno do Estado membro ao que represente e para exercer o dereito de voto.
- b) O Consello estará composto polos Xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membro.
- c) O Consello pronunciarase por consenso, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.
- d) O Consello pronunciarase por maioría simple, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.

8. Segundo o artigo 19 do Tratado da Unión Europea:

- a) O Tribunal de Xustiza estará composto por un xuíz por Estado membro.
- b) O Tribunal de Xustiza estará composto por dous xuíces por Estado membro.
- c) O Tribunal de Xustiza estará composto por tres xuíces por Estado membro.
- d) O Tribunal de Xustiza estará composto por catro xuíces por Estado membro.

9. Segundo o artigo 19 do Tratado da Unión Europea:

- a) Os xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e os xuíces do Tribunal Xeral serán nomeados de común acordo polos Gobernos dos Estados membro para un período de dous anos.

- b) Os xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e os xuíces do Tribunal Xeral serán nomeados de común acordo polos Gobernos dos Estados membro para un período de catro anos.
- c) Os xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e os xuíces do Tribunal Xeral serán nomeados de común acordo polos Gobernos dos Estados membro para un período de cinco anos.
- d) Os xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e os xuíces do Tribunal Xeral serán nomeados de común acordo polos Gobernos dos Estados membro para un período de seis anos.

10. Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quen se considera interesado no procedemento?

- a) Só quen promove o procedemento.
- b) Quen o promova como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- c) Só as Administracións Públicas.
- d) As entidades que integran a Administración Local.

11. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o prazo para ditar e notificar a resolución contarase:

- a) Desde a data do acordo de iniciación do procedemento.
- b) Dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOE.
- c) Dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente.
- d) Dende o mesmo día que o interesado reciba o requirimento de emenda de defectos da Administración ou do organismo competente.

12. Cal é o obxecto principal da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público?

- a) Regular a contratación unicamente da Administración Xeral do Estado.
- b) Garantir que a contratación se axusta aos principios de liberdade de acceso, publicidade e transparencia.
- c) Limitar a participación de empresas estranxeiras en contratos públicos.
- d) Fixar exclusivamente os prezos máximos dos contratos.

13. Segundo o artigo 29 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, cal é a duración máxima que se establece con carácter xeral para os contratos de subministración e de servizos de prestación sucesiva incluídas as posibles prórrogas:
- a) 1 ano para os contratos de subministración e 2 anos para os servizos.
 - b) 5 anos para contratos de subministración e de servizos.
 - c) 3 anos para os contratos de subministración e de servizos.
 - d) 2 anos para os contratos de subministración e 1 ano para os servizos.
14. Segundo o artigo 100 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, que se entende por orzamento base de licitación?
- a) Exclusivamente o custo dos materiais, sen incluír ningún tipo de imposto.
 - b) O límite máximo de gasto que se pode comprometer, IVE incluído, salvo disposición en contra.
 - c) O custo estimado exclusivamente pola empresa licitadora.
 - d) O importe sen IVE en todos os casos posibles.
15. Segundo o artigo 71 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, son prohibicións de contratar:
- a) Ter débedas comerciais cun provedor privado.
 - b) Ter sido condenado por sentenza firme por delitos de terrorismo.
 - c) Ter sido condenado con carácter firme por infracción en materia profesional nos últimos dous anos.
 - d) Non acreditar solvencia económica.
16. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a organización e a actividade da Administración xeral e das entidades que integran o sector público autonómico responden ao principio de división funcional e na súa organización, que principio se observa, entre outros?
- a) O de tipicidade.
 - b) O de irretroactividade.
 - c) O de desconcentración.
 - d) O de descoordinación.

17. De acordo co sinalado no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos colexiados da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cuxas funcións sexan exclusiva ou principalmente emitir informes ou propostas, asesorar ou resolver consultas, como se denominan?
- a) Asesorías.
 - b) Asesorías técnicas.
 - c) Consellos.
 - d) Consellos asesores.
18. De acordo co sinalado no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cales das seguintes son entidades instrumentais do sector público autonómico?
- a) Os organismos autónomos.
 - b) O Consello Consultivo de Galicia.
 - c) A Valedora do Pobo.
 - d) As consellerías da Xunta de Galicia.
19. Segundo o establecido no artigo 6.1 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, como debe ser o consentimento do afectado?
- a) Unha manifestación de vontade libre, tácita, informada e equívoca pola que acepta o tratamento dos seus datos.
 - b) Sempre por escrito.
 - c) Unha manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que acepta o tratamento dos datos persoais que lle afectan.
 - d) Unha manifestación de vontade libre, informada e condicionada.
20. Segundo o establecido no artigo 12 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, ten algún tipo de custo económico o exercicio dos dereitos?
- a) É de pagamento obrigatorio sen prexuízo do disposto nos artigos 12.5 e 15.3 do Regulamento (UE) 2016/679 e nos apartados 3 e 4 do artigo 13 desta lei orgánica.
 - b) Está suxeito a taxa administrativa.
 - c) É gratuíto, sen prexuízo do disposto nos artigos 12.5 e 15.3 do Regulamento (UE) 2016/679 e nos apartados 3 e 4 do artigo 13 desta lei orgánica.
 - d) É gratuíto só cando se exerza por medios electrónicos.

21. Segundo o establecido no artigo 88 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sinala a resposta correcta:

- a) O dereito á desconexión dixital só se aplica durante a xornada laboral.
- b) Os traballadores e empregados públicos teñen dereito á desconexión dixital exclusivamente durante as vacacións.
- c) Os traballadores e empregados públicos terán dereito á desconexión dixital para garantir, fóra do tempo de traballo legal ou convencionalmente establecido, o respecto do seu tempo de descanso, permisos e vacacións, así como da súa intimidade persoal e familiar.
- d) O dereito á desconexión dixital unicamente protexe a intimidade profesional das persoas traballadoras.

22. Segundo o establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitasen, o antes posible e, como máis tarde, en que prazo?

- a) No prazo máximo de quince días desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- b) No prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- c) No prazo máximo de seis meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- d) No prazo máximo dun ano desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

23. Segundo o establecido no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ¿cal é a forma de recorrer contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso?

- a) Un recurso de alzada ante a Comisión da Transparencia de Galicia.
- b) Unha reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia.
- c) Un recurso extraordinario de revisión ante o Consello da Xunta.
- d) Un recurso económico-administrativo.

24. Segundo o establecido no artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a efectos desta lei, o acoso sexual defínese da seguinte maneira:

- a) Enténdese por acoso sexual calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se cree un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

- b) Enténdese por acoso sexual calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- c) Enténdese por acoso sexual calquera comportamento realizado en función da ideoloxía dunha persoa co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- d) Enténdese por acoso sexual calquera indicio que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se cree un ambiente de tensión.

25. Segundo o establecido no artigo 8 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) Constitúe discriminación prohibida por esta lei o trato menos favorable dado soamente a un home, por razón de ter solicitado, estar a gozar ou ter gozado dos seus dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- b) O artigo 8 non recolle este suposto.
- c) Constitúe discriminación prohibida por esta lei o trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, por razón de ter solicitado, estar a gozar ou ter gozado dos seus dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- d) Constitúe discriminación prohibida por esta lei o trato menos favorable dado soamente a unha muller, por razón de ter solicitado, estar a gozar ou ter gozado dos seus dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

26. Segundo o establecido no artigo 15 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, como deben designarse as persoas representantes da Administración autonómica en órganos colexiados, comités de persoas expertas ou comités consultivos?

- a) Exclusivamente en función da súa antigüidade.
- b) Garantindo a presenza maioritaria de mulleres.
- c) De acordo co principio de presenza ou composición equilibrada de mulleres e homes.
- d) Segundo a libre elección do órgano competente, sen criterios específicos.

27. Segundo o establecido no artigo 1 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que elementos constitúen a Facenda pública de Galicia?

- a) Os bens patrimoniais dos concellos galegos.

- b) O conxunto de dereitos e obrigas de contido económico e financeiro dos que é titular o Parlamento de Galicia.
- c) O conxunto de dereitos e obrigas de contido económico e financeiro dos que é titular a Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Os créditos orzamentarios aprobados polo Congreso dos Deputados.

28. Segundo o establecido no artigo 2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a distribución e xestión dos recursos públicos realizarase segundo que criterios?

- a) Publicidade e concorrencia.
- b) Eficacia e eficiencia.
- c) Territorialidade e descentralización.
- d) Xerarquía e coordinación.

29. Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a actividade económico-financeira da comunidade autónoma está sometida a que principios?

- a) Control interno, de contabilidade e de unidade de caixa que se determinan na antedita Lei.
- b) Orzamento anual e autonomía plena.
- c) Autonomía de xestión.
- d) Discrecionalidade administrativa.

30. De acordo co artigo 4.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ¿cal dos seguintes se recoñece explicitamente como un dereito laboral dos traballadores na relación de traballo?

- a) Ao respecto da súa intimidade, quedando excluídas as revisións das súas ferramentas dixitais de traballo baixo certos límites legais.
- b) Á promoción e formación profesional no traballo.
- c) Á folga xeral por motivos estritamente alleos ao ámbito laboral.
- d) Á libre fixación do seu salario base sen atender ao convenio colectivo aplicable.

31. Segundo o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en defecto de pacto en convenio colectivo, ¿cal é a duración máxima do período de proba para os técnicos titulados?

- a) Dous meses.

- b) Tres meses.
- c) Seis meses.
- d) Un ano.

32. Conforme ao artigo 38 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ¿cal é a duración mínima do período de vacacións anuais retribuídas, que non é substituíble por compensación económica?

- a) Vinte días naturais.
- b) Trinta días laborables.
- c) Trinta días naturais.
- d) Vinte e dous días laborables.

33. Conforme ao artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ¿cal das seguintes materias NON ten a consideración de modificación substancial das condicións de traballo por parte da dirección da empresa?

- a) A xornada de traballo.
- b) O sistema de remuneración e contía salarial.
- c) O cambio da denominación social ou do nome comercial da empresa contratante.
- d) As funcións, cando excedan dos límites que para a mobilidade funcional prevé o artigo 39.

34. Segundo o artigo 59 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ¿cando prescribirán as accións derivadas do contrato de traballo que non teñan sinalado prazo especial?

- a) Aos seis meses da súa terminación.
- b) Ao ano da súa terminación.
- c) Aos seis meses do seu inicio.
- d) Ao ano do seu inicio.

35. ¿Cal é a representación dos traballadores nas empresas ou centros de traballo que teñan menos de 50 e máis de 10 traballadores segundo o artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores?

- a) Os comités de empresa.
- b) Os delegados de persoal.
- c) As seccións sindicais maioritarias.
- d) O comité de seguridade e saúde do centro.

36. Segundo o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ¿cal é o principio xeral que rexe o desempeño de actividades polo persoal ao servizo das Administracións Públicas?

- a) A libre compatibilidade con calquera actividade privada, requirindo autorización só para o sector público.
- b) Non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, salvo nos supostos previstos nesta lei.
- c) A prohibición absoluta de exercer calquera outra actividade, xa sexa pública ou privada, sen excepción algunha.
- d) A compatibilidade automática de ata dous postos públicos sempre que pertenzan a distintas Administracións.

37. Conforme ao artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, queda exceptuada do réxime de incompatibilidades a participación ocasional en coloquios e programas en medios de comunicación social, sempre que:

- a) Se efectúe co visto e prace por escrito da xunta de persoal do centro.
- b) Se efectúe de forma ocasional.
- c) As intervencións versen única e exclusivamente sobre materias de índole estritamente distinta á do seu posto na Administración Pública.
- d) O empregado público non perciba ningún tipo de compensación económica pola súa intervención.

38. Segundo o artigo 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, ¿cal é o obxecto principal desta norma?

- a) Regular o réxime sancionador e as multas aplicables ao incumprimento en materia de prevención de riscos laborais.
- b) Establecer os tipos de xornadas de traballo máximas e promover a seguridade e saúde no traballo.
- c) Promover a seguridade e a saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo.
- d) Determinar os baremos de indemnización económica para as incapacidades permanentes derivadas de accidentes laborais.

39. A prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa. A través de que instrumento formal se realiza esta integración, segundo o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais?
- a) Unicamente mediante a memoria anual do servizo de prevención alleo.
 - b) A través da firma do convenio colectivo de ámbito sectorial aplicable.
 - c) A través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais.
 - d) Mediante a exhibición pública dos carteis informativos oficiais da mutua.
40. Segundo o artigo 18 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o empresario adoptará as medidas adecuadas para que os traballadores reciban todas as informacións necesarias en relación cos riscos. ¿A quen debe consultar e permitir a súa participación de forma xeral?
- a) Unicamente ao Ministerio de Traballo mediante remisión telemática mensual.
 - b) Aos traballadores, directamente ou a través dos seus representantes legais na empresa.
 - c) Exclusivamente ao comité de seguridade e saúde da comunidade autónoma correspondente.
 - d) Ao servizo de saúde pública do concello onde radique o centro de traballo.
41. Segundo o artigo 20 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de medidas de emerxencia, o empresario deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de:
- a) Unicamente en materia de loita contra incendios e primeiros auxilios.
 - b) Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores.
 - c) Elaboración de plans de autoprotección visados obrigatoriamente polo Ministerio do Interior, con independencia do tamaño da empresa.
 - d) Flexibilización horaria e teletraballo ante inclemencias meteorolóxicas leves.
42. Segundo o artigo 16.1 do convenio colectivo da CSAG, cando a Dirección proceda á provisión de vacantes do cadro de persoal fixo incluídas no seu ámbito, que orde de preferencia debe respectarse?
- a) Excedentes en expectativa de reingreso, persoal de nova incorporación e empregados/as do cadro de persoal fixo por promoción interna, se foi negociado coa representación dos traballadores/as.
 - b) Excedentes da mesma categoría en expectativa de reingreso, empregados/as do cadro de persoal fixo por promoción interna e empregados/as de nova incorporación.

- c) Empregados/as do cadro de persoal fixo por promoción interna, persoal temporal das listaxes de contratación e empregados/as de nova incorporación.
 - d) Excedentes de calquera categoría, persoal temporal con contrato vixente e empregados/as de nova incorporación.
43. Segundo o artigo 18.1 do convenio colectivo da CSAG, nas convocatorias de acceso, se non hai acordo co Comité Intercentros sobre a porcentaxe de vacantes reservadas á quenda de promoción interna, que porcentaxe mínima debe reservarse?
- a) O 25 % das vacantes ofertadas.
 - b) O 33 % das vacantes ofertadas.
 - c) O 50 % das vacantes ofertadas.
 - d) O 60 % das vacantes ofertadas.
44. Segundo os artigos 34.2 e 34.2.2 do convenio colectivo da CSAG, que características teñen os horarios flexibles e dispoñibles?
- a) Teñen carácter obrigatorio e non xeran dereito a compensación económica.
 - b) Teñen carácter voluntario e xeran o dereito a percibir as compensacións económicas reguladas no capítulo de retribucións.
 - c) Serán de carácter voluntario, agás en ausencia de voluntarios en circunstancias de forza maior.
 - d) Permiten modificar a xornada sen aviso previo cando existan necesidades do servizo xustificadas.
45. Segundo o artigo 28.1.5 do convenio colectivo da CSAG, para os efectos da xestión das listaxes de contratación temporal, que contratos se consideran de longa duración?
- a) Calquera contrato temporal superior a tres meses.
 - b) Calquera contrato temporal superior a seis meses, sen excepcións.
 - c) Os contratos de máis de seis meses de duración, coa excepción das substitucións dos liberados sindicais, nos supostos previstos no propio artigo.
 - d) Só os contratos de interinidade con reserva de posto de traballo.
46. Segundo o artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en que principios se basea o sistema de Seguridade Social español?
- a) Universalidade, unidade, solidariedade e igualdade.
 - b) Publicidade, unidade, eficacia e igualdade.
 - c) Publicidade, eficacia, unidade e igualdade.
 - d) Pluralidade, eficiencia, unidade e solidariedade.

47. Segundo o artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a afiliación á Seguridade Social das persoas ás que se refire o artigo 7.1 é:

- a) Negociable entre o traballador e a empresa.
- b) Obrigatoria e revogable.
- c) Obrigatoria e única para toda a vida.
- d) Múltiple e non permanente.

48. Segundo o artigo 1.1 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, cal é o obxecto desta lei?

- a) Regular exclusivamente os servizos de comunicación audiovisual de titularidade pública prestados en territorio español, aos niveis estatal, autonómico e local.
- b) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal e establecer determinadas normas aplicables á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- c) Regular os medios de comunicación escrita e dixital de ámbito estatal, autonómico e local.
- d) Fixar as condicións técnicas de emisión dos servizos de radiodifusión sonora e televisión en territorio español.

49. Segundo o artigo 2.1 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia consiste en:

- a) A xestión e emisión de canles de radio e televisión de cobertura autonómica a través de ondas hertzianas terrestres.
- b) A produción, edición e difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais a través de redes e sistemas de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que estes permitan.
- c) A prestación de servizos de información en liña e de comunicación institucional en réxime de xestión directa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) A xestión dos medios de comunicación escritos e audiovisuais diversos, de titularidade pública autonómica, para todo tipo de públicos e de todo tipo de xéneros, a través de redes e sistemas de comunicacións electrónicas.

50. Segundo o artigo 3.1 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia están obrigados a prestar en todo caso:

- a) O servizo televisivo lineal, o radiofónico e os servizos de vídeo baixo demanda de ámbito autonómico.
- b) O servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e o radiofónico, podendo prestar ademais outros servizos que permitan as redes e plataformas de internet que contribúan á misión de servizo público.
- c) Exclusivamente o servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal de cobertura autonómica, quedando os demais servizos suxeitos a autorización previa da autoridade audiovisual.
- d) O servizo televisivo lineal, o radiofónico e, necesariamente, os servizos de televisión conectada e vídeo a petición de cobertura autonómica.

51. Segundo os artigos 48 e 49 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, cal é a diferenza principal entre o mandato estratéxico e o contrato plurianual de xestión?

- a) O mandato estratéxico é aprobado polo Consello da Xunta de Galicia por catro anos e o contrato plurianual polo Parlamento por dous anos, sendo ambos de igual natureza xurídica.
- b) O mandato estratéxico, aprobado polo Parlamento por seis anos, establece os obxectivos xerais do servizo público, mentres o contrato plurianual, suscrito coa Xunta de Galicia por tres anos, concreta eses obxectivos.
- c) Son instrumentos equivalentes en contido e duración, diferenciándose unicamente no órgano que os aproba: o Parlamento para o mandato e a Xunta de Galicia para o contrato.
- d) O contrato plurianual substitúe ao mandato estratéxico ao expirar este, asumindo as súas funcións ata que o Parlamento aprobe un novo mandato estratéxico.

52. Unha empresa adquire existencias por 10.000 €. Ao peche do exercicio, o seu valor neto realizable é de 8.500 €. Segundo a norma de rexistro e valoración 10.^a do PGC (Real Decreto 1514/2007), cal é o tratamento contable correcto?

- a) Mantense o custo histórico de 10.000 €, xa que as correccións valorativas das existencias non son obrigatorias.
- b) Rexístrase un deterioro de valor de 1.500 €, reducindo o valor contable a 8.500 €, que se contabiliza directamente contra reservas, sen afectar ao resultado do exercicio.
- c) O deterioro só procede cando o valor neto realizable sexa inferior ao 80% do custo histórico.

- d) Rexístrase un deterioro de valor de 1.500 €, reducindo o valor contable a 8.500 €, e recoñécese como gasto no exercicio.

53. Segundo o artigo 1 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, que característica comparten a sociedade anónima e a sociedade de responsabilidade limitada?

- a) Que en ambas o capital social se divide necesariamente en accións.
- b) Que os socios responden persoalmente das débedas sociais cando o capital sexa insuficiente.
- c) Que o capital se integra polas achegas dos socios e estes non responden persoalmente das débedas sociais.
- d) Que ambas deben ter un capital social mínimo de sesenta mil euros.

54. Unha empresa adquire e pon en condicións de funcionamento o 1 de xaneiro unha máquina por importe de 12.000 €. Estímase un valor residual de 2.000 € e unha vida útil de 5 anos. A empresa aplica o método de amortización lineal e non existen indicios de deterioración. Segundo a NRV 2.^a do PGC, cal será a amortización correspondente ao primeiro exercicio e o valor contable da máquina no balance ao peche dese exercicio?

- a) Amortización de 2.400 € e valor contable de 9.600 €.
- b) Amortización de 2.000 € e valor contable de 10.000 €.
- c) Amortización de 2.000 € e valor contable de 8.000 €.
- d) Amortización de 10.000 € e valor contable de 2.000 €.

55. Se desexo compartir un documento en Word pero non quero que o destinatario coñeza a información do autor, que debo facer?

- a) Protexer o documento cifrándoo cun contrasinal.
- b) Protexer o documento engadindo unha sinatura dixital.
- c) Inspeccionar o documento para marcalo como final.
- d) Inspeccionar o documento e aceptar eliminar propiedades.

56. En Word, que ocorre se modificas un estilo aplicado globalmente?

- a) Só cambia o estilo do primeiro parágrafo do documento.
- b) Cambian todos os elementos con ese estilo.
- c) Non ocorre nada.
- d) Elimínase o estilo.

57. En Excel, que devolve a función CORRESP/COINCIDIR?

- a) Valor.
- b) Erro.
- c) Posición.
- d) Texto.

58. En Excel, que fai Ctrl + 1?

- a) Gardar o documento sen cambiar o nome.
- b) Abrir Formato de celas.
- c) Copiar o texto do cortapapeis á cela seleccionada.
- d) Filtrar polos valores das cabeceiras.

59. En Writer, se na opción de Formato de parágrafo, introduzo un valor de 2 centímetros no sangrado antes do texto, o resultado é:

- a) O espazamento co parágrafo anterior incrementase en 2 centímetros.
- b) A marxe esquerda da páxina incrementase en 2 centímetros.
- c) A primeira liña do texto desprázase en 2 centímetros á dereita.
- d) O parágrafo completo desprázase en 2 centímetros á dereita.

60. En Calc, tes unha lista de números nas celas A1:A500. Queres encher as celas B1:B500 co triplo da cela situada á súa esquerda. O máis áxil é:

- a) Escribir a fórmula $=A1*3$ na cela B1, e copiala no rango B2:B500 con copiar e pegar a fórmula.
- b) Escribir unha fórmula coa función COLUMNA que encha as celas B2:B500 coa fórmula axeitada.
- c) Escribir a fórmula $=A1*3$ na cela B1, e facer dobre clic no cadrado negro da esquina inferior dereita da cela.
- d) Escribir a fórmula $=A1*3$ na cela B1, abrir o menú contextual nesa cela co botón dereito, e escoller a opción Inserir enchendo cara abaixo.

PREGUNTAS DE RESERVA

141. Segundo o apartado 5.º do Marco Conceptual do PGC (Real Decreto 1514/2007), un activo recoñecerase no balance cando, ademais de cumprir a definición de activo, se cumpran determinados criterios. Cal é a combinación correcta?

- a) Que sexa probable a obtención de beneficios económicos futuros e que o seu valor poida determinarse con exactitude.
- b) Que estea controlado xuridicamente pola empresa e que sexa probable a obtención de beneficios económicos futuros.
- c) Que o activo proceda dunha transacción con terceiros independentes e que o seu valor razoable poida determinarse con certeza no momento do recoñecemento.
- d) Que sexa probable a obtención de beneficios ou rendementos económicos futuros para a empresa e que se poida valorar con fiabilidade.

142. Segundo o artigo 15 do Tratado da Unión Europea:

- a) O Consello Europeo reunirase tres veces por semestre por convocatoria do seu presidente.
- b) O Consello Europeo reunirase dúas veces por ano por convocatoria do seu presidente.
- c) O Consello Europeo reunirase dúas veces por semestre por convocatoria do seu presidente.
- d) O Consello Europeo reunirase dúas veces por trimestre por convocatoria do seu presidente.

143. Segundo o artigo 138 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, os empresarios solicitarán a súa inscrición no réxime da Seguridade Social:

- a) Antes do inicio da actividade.
- b) Dentro dos primeiros 8 días de actividade.
- c) Dentro dos primeiros 10 días de actividade.
- d) Dentro dos primeiros 15 días de actividade.

144. Segundo o artigo 20 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o incumprimento do disposto na Lei 53/1984 será sancionado conforme a:

- a) O Código penal, ao ser considerada a incompatibilidade sempre un delito de prevaricación administrativa.
- b) O réxime sancionador previsto na Lei de Contratos do Sector Público.
- c) O réxime disciplinario de aplicación ao persoal de que se trate, sen prexuízo da executividade da incompatibilidade en que se incorrese.
- d) As normas exclusivas que diten os comités de empresa das entidades afectadas.

